

PROGRAMA CONECTA TALENTO

FORMACIÓN PRÁCTICA PARA PERSOAS TITULADAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (PCT)

Para máis información dirixirse a:

[Fundación Universidade de Vigo](#)

Campus de Vigo e de Pontevedra

Área Comercial, local A12. 36310 Vigo

Tfno.: 986 814 086

Campus de Ourense

Edificio Administrativo. 36004 Ourense

Tfno.: 988 368 898

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. PROGRAMA CONECTA TALENTO.....	4
2.1. Obxecto	4
2.2. Réxime xurídico	4
2.3. Natureza.....	5
2.4. Requisitos das persoas tituladas solicitantes.....	5
2.5. Requisitos das empresas/entidades colaboradoras.....	5
2.6. Requisitos da persoa titora na empresa/entidade colaboradora.....	6
2.7. Obrigas e dereitos da persoa beneficiaria	6
2.8. Obrigas da persoa titora da empresa/entidade colaboradora.....	7
3. PROCEDEMENTO E XESTIÓN DA PRÁCTICA.....	8
3.1. Solicitude, difusión e selección de candidaturas.....	8
3.2. Convenio	8
3.3. Formalización e seguimento.....	9
3.4. Duración e horarios	9
3.5. Financiamento	9
3.6. Asignación económica da persoa beneficiaria	10
3.7. Seguros	10
3.8. Incompatibilidades	10
4. RESCISIÓN ANTICIPADA E ANULACIÓN DA PRÁCTICA.....	10
5. PROTECCIÓN DE DATOS.....	10

1. INTRODUCCIÓN

A Fundación Universidade de Vigo (Fuvi)

A Fuvi nace coa vontade de impulsar e complementar as actuacións para desenvolver a Universidade de Vigo co propósito de cumprir mellor os seus fins.

A Fuvi procurará a creación dun ámbito de cooperación entre a Universidade de Vigo e as entidades e institucións da súa contorna, co obxecto de propiciar a achega de esforzos, servizos e recursos para o logro máis completo da educación superior e posibilitar neste sector unha mellor acollida das demandas sociais.

A Fuvi ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. Réxese polos seus propios estatutos, pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, a súa normativa de desenvolvemento, e demais normativas xerais de aplicación.

A Fuvi é un medio propio personificado da UVigo porque cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos pola Lei 9/2017 de contratos do sector público, e entre eles que máis do 80 % das actividades do ente destinatario do encargo leven a cabo no exercicio dos labores.

A Fuvi executará o Programa Conecta Talento como actividade propia (20 % restante) e a súa finalidade será cooperar co cumprimento dos fins propios da Universidade de Vigo.

En particular, a Fuvi terá como fins propios:

- Prestar os servizos que sexan necesarios para que a Universidade de Vigo realice as súas funcións básicas e non supoñan o exercicio de función de autoridade.
- Promover e desenvolver, a través dos servizos que considere oportunos crear, as actividades que favorezan a actividade de extensión universitaria e cooperación internacional da Universidade de Vigo.
- Impulsar e realizar actividades de formación non regrada co fin de lograr as máximas cotas de calidade de docencia e investigación.
- Fomentar, apoiar e facilitar a actividade emprendedora da Universidade de Vigo, a través dos servizos que considere oportuno crear, así como actuacións de fomento do emprego do estudiantado universitario.
- Promover e impulsar a cooperación entre a Universidade de Vigo e o sector empresarial, entidades e institucións da máis variada natureza.
- Fomentar a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade de Vigo na súa contorna económica, social e cultural.
- A promoción e a comunicación da formación, investigación e actividades da Universidade de Vigo.

2. PROGRAMA CONECTA TALENTO

2.1. OBXECTO

A motivación das persoas tituladas por empezar unha carreira profesional e a procura de talento das empresas son dous retos complementarios.

Sabemos da dificultade coa que se atopan as persoas tituladas no inicio da súa andaina profesional e que, cando teñen a oportunidade de comezar esta andaina, estea relacionada coa titulación adquirida.

Mediante este Programa Conecta Talento (PCT) preténdese captar, formar e inserir as persoas tituladas da Universidade de Vigo a través da formalización de prácticas nun contexto produtivo real, conseguindo un nexo entre o talento delas e o tecido empresarial. Por tanto, é un instrumento adecuado para favorecer a futura incorporación das persoas tituladas ao mercado laboral e para complementar a súa formación teórica previa cunha estancia práctica, de carácter non laboral, nunha empresa.

Tamén é un instrumento idóneo para que as empresas accedan a persoas tituladas e sen experiencia profesional, ás que poden formar durante un período temporal previo á súa posible contratación.

A Fuví pretende que as persoas beneficiarias participantes no seu Programa Conecta Talento adquiren habilidades valoradas pola contorna empresarial e para iso dá a opción de complementar a estancia práctica na empresa cun programa de formación para adquirir competencias profesionais para a contorna internacional. Ao finalizar e superar o curso, a persoa beneficiaria poderá solicitar o diploma da formación recibida.

2.2. RÉXIME XURÍDICO

As prácticas serán xestionadas pola Fuví como actividade propia, en exclusivo interese da persoa beneficiaria, tendo a asignación económica destas a natureza de axudas á súa formación, e non de remuneración en concepto de salario.

A obtención dunha práctica do Programa Conecta Talento leva consigo o dereito para percibir a asignación económica coa que está dotada, sen que en ningún caso a realización do programa dea lugar á existencia de relación laboral de ningún tipo entre a persoa beneficiaria e a Fuví ou a empresa ou entidade colaboradora en que ten lugar a formación práctica.

A empresa financiará cunha axuda económica a realización de actividades de interese xeral (inserción das persoas tituladas da Universidade de Vigo), a través dun convenio de colaboración empresarial (artigo 25 da Lei 49/2002 de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos ao mecenado). A achega inclúe a asignación económica á persoa titulada, alta na Seguridade Social, seguro de accidentes e de responsabilidade civil e gastos de xestión.

O PCT reúne os requisitos previstos no artigo 1 do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da seguridade social das persoas que participen en programas de formación, polo que a citada norma resulta directamente

de aplicación, accedendo á acción protectora da seguridade social do réxime xeral da seguridade social, coa única exclusión da protección por desemprego, FGS e FP.

2.3. NATUREZA

O status xurídico das persoas a quen se adxudique as prácticas será a de persoas beneficiarias do PCT. Durante o seu período de formación, as persoas tituladas quedarán suxeitas ao establecido nestas bases, ás normas da Fundación da Universidade de Vigo e da empresa ou entidade colaboradora na que desenvolvan a súa formación práctica. As actividades da persoa beneficiaria serán formativas e de carácter práctico, sen que en ningún suposto vaia desempeñar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade.

2.4. REQUISITOS DAS PERSOAS TITULADAS SOLICITANTES

Quen desexe optar a algunha das prácticas do PCT, deberán cumprir as seguintes condicións:

- Ser tituladas e titulados universitarios de grao ou mestrado que obtivesen o seu título na Universidade de Vigo no últimos tres anos ou cinco anos para persoas tituladas con discapacidade, desde que solicitaron a expedición do título.
- Estar rexistrado en comunidade alumni-UVigo (<https://alumni.webs.uvigo.es/>).
- Non traballar por conta allea ou propia levando a cabo tarefas relacionadas coa súa titulación, baixo ningunha modalidade de contratación laboral. Polo tanto, haberá de achegar o correspondente certificado de vida laboral.
- Non ter relación de parentesco dentro do primeiro grao de consanguinidade con ningún membro da propiedade ou dirección da empresa ou entidade colaboradora na que se desenvolverá o programa de formación práctica.

2.5. REQUISITOS DAS EMPRESAS/ENTIDADES COLABORADORAS

Para participar no programa a entidade colaboradora deberá cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

- Sede nacional.
- Realizar unha actividade económica ou profesional, sexa ou non lucrativa.
- Dispoñer das instalacións e dos medios adecuados para desenvolver a práctica.
- Dispoñer do persoal adecuado para titorizar a práctica.
- Cumprir coas condicións de seguridade, e sanitarias no seu caso, adoptadas polos seus servizos de prevención de riscos laborais ou autoridades competentes.
- No caso de entidades privadas, estas non poden estar incursas nun expediente de regulación de emprego (ERE) na data de inicio da práctica. No caso de que a regulación sexa temporal, e só afecte a algúns departamentos en concreto, as persoas beneficiarias poderían realizar prácticas sempre que non se realicen nas áreas afectadas.
- Para os efectos de tramitar a autorización, as entidades colaboradoras deberán garantir que cumpren cos anteriores requisitos. Ademais, a Fuvu poderá requirir os informes que estime oportunos co fin de determinar a idoneidade da entidade colaboradora.

- Terán dereito a volver gozar do PCT as empresas que, pasados 24 meses desde a primeira acollida, contraten laboralmente polo menos unha persoa beneficiaria. No caso contrario, a empresa podería volver ter unha persoa titulada a través do PCT pasados 9 meses desde a finalización da última acollida.

2.6. REQUISITOS DA PERSOA TITORA NA EMPRESA/ENTIDADE COLABORADORA

A persoa beneficiaria contará cunha persoa pertencente á empresa/entidade colaboradora, que actuará como titora e supervisaraa, adoptando calquera decisión que considere necesaria e velará porque aproveite con éxito o proceso de formación. Ademais, a persoa titora valorará a actitude e a aptitude da persoa beneficiaria respecto da formación práctica que leve a cabo. A persoa titora das prácticas, pertencente á entidade colaboradora, deberá estar vinculada con ela e contar con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar unha titorización efectiva e, excepto nos casos excepcionais nos que a práctica se desenvolva de forma telemática, deberá estar destinada no propio centro de traballo onde leven a cabo as prácticas. A persoa beneficiaria tamén contará cunha persoa pertencente á Fuví, que actuará como xestora da súa participación no programa.

2.7. OBRIGAS E DEREITOS DA PERSOA BENEFICIARIA

As **obrigas** que haberán de asumir as persoas beneficiarias das prácticas ás que se refire o PCT son:

- Cubrir e remitir á Fuví, dentro do prazo establecido, a documentación esixida ao adxudicarlles as prácticas.
- Remitirlle á Fuví os informes que lles sexan enviados durante o desenvolvemento do seu proceso de formación na empresa ou entidade colaboradora, respecto da evolución do proceso de formación e sobre o cumprimento do plan de formación, que deberán cubrir segundo os formularios que lles serán notificados no seu momento, sen prexuízo do dereito e deber recollido no punto seguinte.
- Comunicarlle de inmediato á Fuví calquera incidencia que afecte ao normal desenvolvemento do período formativo ou que supoña un incumprimento do plan de formación aprobado, co fin de que se poidan adoptar as medidas correctoras oportunas.
- No caso de rescisión, quedarán obrigadas a comunicarllelo á empresa e á Fuví con tres días de antelación. Para a comunicación á Fuví deberán empregar o modelo de carta de renuncia dispoñible para estes efectos en <https://fundacionuvigo.es/practicas/conecta-talento/>.
- Manter durante todo o período da práctica a actitude e o interese necesarios para un bo aproveitamento da formación.
- Asistir ás reunións e entrevistas ás que sexan convocadas tanto pola Fuví coma pola empresa ou entidade colaboradora.
- Atender as orientacións que reciban da persoa titora da empresa e persoa xestora da Fuví no exercicio da súa acción formativa, integrándose na dinámica do departamento ao que sexan asignadas.

- Os dereitos de propiedade intelectual ou industrial rexistrados que, no seu caso, se puidesen derivar da aplicación da acción formativa recibida pola persoa beneficiaria, pertencerá á empresa ou entidade colaboradora onde se desenvolva.
- Axustar o seu comportamento ao código ético e de actuación vixente na empresa ou entidade colaboradora durante todo o período formativo, que lles será trasladado para o seu coñecemento.
- Respectar en todo momento o Plan de prevención de riscos da empresa ou entidade colaboradora en que desenvolvan a formación, do que serán debidamente informadas por ela.
- Contribuír de forma responsable ao cumprimento das normas establecidas pola empresa en todo o relativo ao desempeño profesional tales como horario, asistencia, puntualidade, realización das tarefas encargadas etc. Deberán observar rigorosamente en todos os seus aspectos o plan de formación concretado pola persoa titora que lles sexa asignada na entidade colaboradora.

Os **dereitos** das persoas beneficiarias das prácticas son:

- Gozar do permiso para realizar exames de carácter oficial, achegando a correspondente xustificación.
- No caso de que a empresa organice accións formativas relacionadas coa práctica fóra do horario desta, a asistencia da persoa beneficiaria a estas será voluntaria; con todo, a súa asistencia será obrigatoria no caso de que as citadas accións se organicen dentro de devandito horario.
- Posibilidade de realizar unha formación para adquirir competencias profesionais para a contorna internacional ou calquera outra acción formativa designada pola Fuvi e obter unha acreditación desta.
- Dereito a obter 2, 4 ou 6 días hábiles de descanso no caso de que a práctica sexa de 3 meses de duración, 6 meses ou 9 meses.
- Gozar, durante o período de realización da práctica, dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil que as cubrirá ante posibles incidencias.

2.7. OBRIGAS DA PERSOA TITORA DA EMPRESA/ENTIDADE COLABORADORA

As **obrigas** da persoa titora da entidade colaboradora son:

- Acoller a persoa beneficiaria na empresa, achegándolle toda a información precisa para a súa estancia nela.
- Comprometerse a cumprir co plan formativo e facilitar a titorización efectiva.
- Notificarlle á Fundación Universidade de Vigo calquera falta de asistencia por parte da persoa beneficiaria, para cumprir coas obrigas de inclusión no réxime xeral da seguridade social.
- Comunicarlle á Fuvi calquera incumprimento por parte da persoa beneficiaria, tanto respecto do plan de formación coma de calquera das súas obrigas.
- No caso de que para executar o PCT se requira que a persoa beneficiaria realice parte da súa actividade en instalacións de entidades clientes daquela que acolle a persoa beneficiaria, deberase reflectir esta circunstancia no plan formativo da práctica.

- Cubrir periodicamente os cuestionarios de avaliación que a Fuvu lle remita coa finalidade de que a Fuvu teña coñecemento do desenvolvemento da práctica.
- Adoptar as medidas necesarias para que a persoa beneficiaria estea incluída no Plan de prevención e riscos da empresa, asegurándose de que é coñecedora do devandito plan.
- Respetar os dereitos das persoas beneficiarias do programa.

Os **dereitos** da persoa titora da entidade colaboradora son:

- Apoio técnico da Fuvu na xestión da práctica.
- A persoa titora da empresa/entidade poderá solicitarlle á Fuvu un certificado de titorización da práctica.

3. PROCEDEMENTO E XESTIÓN DA PRÁCTICA

3.1. SOLICITUDE, DIFUSIÓN E SELECCIÓN DE CANDIDATURAS

As empresas poderán informarse do PCT a través da páxina web da Fundación Universidade de Vigo (www.fundacionuvigo.es).

A empresa interesada no PCT encherá un formulario na web da Fuvu no que incluírá os datos de contacto e o perfil buscado. Posteriormente, a Fuvu publicará a través do portal de emprego Jobteaser da UVigo unha convocatoria que se difundirá entre as persoas tituladas rexistradas na plataforma. Os procesos de selección levaraos a cabo a empresa, tras o envío por parte da Fuvu das candidaturas preseleccionadas que máis se axusten ás necesidades da empresa.

Durante o proceso de preselección, a Fuvu poderá solicitarlles ás persoas candidatas a documentación que estime necesaria para comprobar a veracidade dos datos achegados na solicitude. A Fuvu comunicarlles ás persoas interesadas a adxudicación das prácticas.

Unha persoa titulada pode contactar pola súa conta cunha empresa ou institución teña ou non teña convenio e acordar con ela a realización dunha práctica do PCT. Neste caso, a persoa titulada deberá comunicarlle a situación á Fuvu e proporcionar os datos da entidade. A Fuvu poñerá en contacto con ela para tramitar a incorporación da persoa titulada.

3.2. CONVENIO

Unha vez que a empresa/entidade colaboradora teña unha persoa titulada para realizar a práctica, a Fuvu deberá subscribir un convenio coa empresa/entidade colaboradora, o cal establecerá o marco regulador das relacións entre a empresa/entidade e a Fundación Universidade de Vigo.

Este convenio terá a natureza dos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que, en ningún caso, se considerará que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 24 da Lei 34/1998, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

O convenio quedará sometido ao réxime xurídico de convenios previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público de España e demais normativa que resulte de aplicación.

3.3. FORMALIZACIÓN E SEGUIMENTO

A Fuvi elaborará documentos tipo que faciliten os procesos de formalización e seguimento para xestionar a práctica.

Ningunha persoa titulada poderá incorporarse a unha práctica sen que estea asinado o convenio polas partes, a documentación formalizada e dada de alta na seguridade social por parte da Fuvi.

A persoa beneficiaria deberá cumprir os requisitos adicionais que a empresa ou a entidade colaboradora onde se desenvolverá o programa de formación práctica puidese establecer, tales como idiomas, coñecemento de informática etc., e que fosen necesarios para o adecuado aproveitamento do programa.

3.4. DURACIÓN E HORARIOS

As prácticas terán unha duración de 3, 6 ou 9 meses.

A data de inicio do programa será fixada pola Fuvi en atención ás circunstancias e dispoñibilidades da entidade colaboradora na que se desenvolva o programa de formación práctica. Comunicarallo á persoa beneficiaria coa antelación suficiente á data de inicio, aínda que se recomenda que a data sexa un mes.

Realizaranse preferentemente a xornada completa, en períodos continuados. Se se realizan a tempo parcial, terán unha dedicación diaria mínima de media xornada.

O período máximo computado do total de prácticas do PCT non poderá exceder de 12 meses, coa condición de que se realizaron en empresas distintas e non pertencentes ao mesmo grupo empresarial.

3.5. FINANCIAMENTO

A achega por parte da empresa á Fuvi será de 1112 €/mes no caso de xornada completa e de 636 €/mes para media xornada.

A periodicidade do pagamento e a correspondente data de ingreso da achega realizarase segundo a comisión de seguimento prevista na cláusula quinta do convenio de colaboración.

No caso de finalización da práctica por motivos xustificadas, a Fuvi devolveralle á empresa/entidade colaboradora a asignación económica que corresponda.

3.6. ASIGNACIÓN ECONÓMICA DA PERSOA BENEFICIARIA

A persoa beneficiaria do PCT percibirá unha asignación económica bruta mensual de 950 €/mes no caso de xornada completa e de 475 €/mes no caso de media xornada, que a aboará a Fuvi nos primeiros dez días do mes seguinte ao que corresponde o pagamento.

3.7. SEGUROS

As persoas beneficiarias do Programa Conecta Talento estarán cubertas por un seguro de accidentes e de responsabilidade civil contratado pola Fuvi que cobre os accidentes ocorridos durante a asistencia da persoa beneficiaria ás prácticas e os desprazamentos in itinere, e os danos persoais que lles cause a persoa beneficiaria a terceiras durante a realización das prácticas.

3.8. INCOMPATIBILIDADES

Gozar dunha de práctica do PCT será incompatible coa percepción pola persoa beneficiaria de calquera retribución derivada da realización de traballo relacionado coa súa titulación, xa sexa por conta propia ou allea. No caso de estar a percibir algún subsidio, a persoa beneficiaria debe consultar se a práctica do PCT é compatible ou non coa entidade responsable.

4. RESCISIÓN ANTICIPADA E ANULACIÓN DA PRÁCTICA

A práctica poderase rescindir de forma unilateral tanto pola persoa beneficiaria coma pola empresa/entidade colaboradora en calquera momento, coa condición de que exista xustificación. A rescisión debe comunicarse segundo un modelo elaborado para este fin en <https://fundacionuvigo.es/practicas/conecta-talento/>, indicando as causas que xustifican a citada rescisión.

A Fuvi poderá anular a práctica por calquera das seguintes causas:

- A constatación dalgunha irregularidade substancial nos datos expostos pola persoa beneficiaria.
- No caso de que se advirtan elementos ou circunstancias das que resulte unha actitude ou aptitude insuficiente para lograr os obxectivos formativos, tanto se a proposta de anulación a presenta a empresa/entidade colaboradora coma se a presenta a persoa beneficiaria.
- O incumprimento por parte da persoa beneficiaria dalgunhas das súas obrigas establecidas no punto 2.7. que antecede.
- Por incumprimento por parte da entidade colaboradora do establecido nestas bases.
- Cando, por causa de forza maior, non sexa posible o mantemento dos compromisos adquiridos entre a Fuvi e a empresa ou entidade colaboradora.

A rescisión anticipada da práctica implicará o cesamento automático da formación práctica e a perda da asignación económica que corresponda, agás que o motivo da rescisión anticipada sexa a falta de asistencia da persoa beneficiaria por continxencias cubertas pola Seguridade Social segundo o Real Decreto 1493/2011.

5. PROTECCIÓN DE DATOS

A sinatura do convenio implica autorizar que os datos persoais das persoas tituladas e os contactos da empresa/entidade colaboradora se utilicen e incorporen nos ficheiros da Fuvi, segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A utilización dos datos das persoas tituladas farase co único fin de xestionar correctamente as prácticas e de poder facer un seguimento tanto ao acceso ao mercado laboral coma da inserción. No caso dos datos proporcionados polas empresas/entidades colaboradoras, a súa utilización farase co fin de tramitar os convenios necesarios para realizar a práctica por parte da persoa beneficiaria, difundir as súas convocatorias, realizar o seguimento da práctica e informar de calquera outra actuación referida á mellora da empregabilidade das persoas tituladas da Universidade de Vigo.